

SIGNIFICADO DE PALABRAS OU EXPRESIÓNS

Normalmente pregúntase o significado das palabras no contexto en que aparecen (non se valora outro). Non se esixe unha definición lexicográfica rigorosa, senón a demostración de que se coñece ese significado e a capacidade de exprésalo correctamente. Non son válidas as respostas só con sinónimos ou a tradución a outra lingua.

Procedemos así:

1. Escribimos a palabra ou expresión.
2. Indicamos, entre parénteses, a categoría: *s./v./adx./adv./conx./pronome ...*
3. Definímola brevemente.

Segundo a clase de palabra, serán de utilidade as seguintes **formulas de definición**:

- **Substantivos:** pódese iniciar a definición cun hiperónimo ou termo de significado xenérico no que se inclúe o termo definido: *persoa, animal, obxecto, sentimento, actitude, substancia, virtude, calidade, situación, habilidade...* Posteriormente, indícanse as súas características máis representativas: *utilidade, orixe, cor, forma, tamaño...*

Limón: froito do limoeiro, de forma ovoide, casca amarela e sabor agre.

Ditador: persoa que asume todos os poderes e non permite a oposición ao seu goberno.

Lealdade: calidade de leal.

Escaseza: situación de falta de algo.

- **Adxectivos:** fórmulas útiles para definir un adxectivo son, entre outras: *que + verbo do que deriva, dise de..., aplícase a..., pertencente ou relativo a..., que está..., que é...*

Enxeñoso: que ten enxeño ou habilidade

Basto: que está moi xunto ou apertado.

Tecnolóxico: pertencente ou relativo á tecnoloxía.

Sabido: que sabe ou entende moito.

- **Verbos:** unha maneira de definilos é empregar unha forma verbal sinónima e detallar algo máis o seu significado.

Mesturar: xuntar ou unir varias cousas distintas.

Caer: vir abaixo un corpo polo seu propio peso.

Fitar. mirar fixamente para algo ou alguén.

- **Adverbios:** pódese recorrer ás fórmulas: *en...*, *con...*, *de maneira...*

Fóra: no exterior do tempo ou do espazo.

Apasionadamente: con paixón.